

BACHARELATO:

Segundo as modalidades do bacharelato:

En cumprimento do artigo 4, 1 e 6, da Orde do 17 de marzo de 2007, que regula o procedemento de admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos, esta Xefatura Territorial determina que as zonas de influencia dos IES do Concello de Pontevedra que imparten as distintas modalidades do bacharelato, continúan establecidas na seguinte forma:

Bacharelato de Artes.

- IES A Xunqueira I e IES Frei Martín Sarmiento (musical). Zona de influencia: todo o Concello (5 puntos).

Bacharelato Científico Tecnolóxico.

- IES A Xunqueira I, IES A Xunqueira II e IES Luis Seoane: Zona de Influencia A (5 Puntos); limítrofe B (2 Puntos).
- IES Frei Martín Sarmiento, IES G. Torrente Ballester, IES Valle-Inclán, IES Sánchez Cantón: Zona de Influencia B (5 Puntos); limítrofe B (2 Puntos).

Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

- IES A Xunqueira I, IES A Xunqueira II e IES Luis Seoane: Zona de Influencia A (5 Puntos); Limítrofe B (2 Puntos).
- IES Frei Martín Sarmiento, IES Valle-Inclán, IES Sánchez Cantón e IES Gonzalo Torrente Ballester: Zona de Influencia B (5 Puntos); Limítrofe A (2 Puntos).

Desígnase como zona A do Concello de Pontevedra a situada ao norte da alinea determinada polas rúas Afonso XIII, Xeneral Martitegui, Benito Corbal, Loureiro Crespo e Avenida de Lugo.

A zona B é a parte do Concello sita ao sur desta alinea.

Nas rúas que marcan o límite das zonas enténdese que corresponden a zona A e a Zona B as casas que se atopan ao norte ou o sur, respectivamente, de ditas rúas.